

ASOCIACIÓN XUVENIL XENTNOVA

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CAMPAMENTO DE VERÁN DURANTE A CRISE SANITARIA DO COVID-19 E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES PARA PARTICIPAR NO MESMO ENTRE O 21 E O 27 DE AGOSTO DE 2020

Seguindo as recomendacións e exixencias das autoridades sanitarias, a **Asociación Xuvenil Xentnova elabora este protocolo que terá que ser lido e aceptado por todos os participantes, animadores/as e traballadores que asistan ao campamento.**

MEDIDAS PREVIAS AS ACTIVIDADES:

- **Todos os asistentes deberán asinar unha Declaración Responsable** de proxenitores/titores, animadores e traballadores onde garantan que a saúde do neno/a ou a súa propia durante os 14 días previos á entrada no campamento foi a axeitada e non sufriu nin tose, nin febre, nin cansazo ou falta de aire; así como non estivo en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.
- **O pai/nai/titor legal facilitará un número de teléfono de contacto** para a súa localización en caso necesario. Así mesmo dará o seu consentimento para que dito teléfono poida ser facilitado ás autoridades sanitarias en caso de ter que activar o protocolo de emerxencia.
- A entidade porá **carteis de sinalización** de separación entre participantes, e de normas sanitarias de protocolo a entrada e no interior, visibles en todo momento.

MEDIDAS PARA A ACOLLIDA DO PRIMEIRO DÍA E, DE SER O CASO, PARA A VIAXE DE VOLTA:

- Verificar que non se identificou ningunha situación que contraveña a Declaración Responsable.
- Será obrigatorio o uso de máscara en todo momento dende a chegada dos participantes, especialmente cando se acceda ao autobús e durante toda a viaxe. Cada participante achegará as súas propias máscaras da casa e a entidade terá algunhas a maiores para emerxencias.
- Manterase a distancia de seguridade saudando sen contacto físico.
- Procederáse á desinfección de mans no momento de acceder ao autobús e, unha vez dentro, tentarase manter a distancia de seguridade se o número de asentos o permite. En todo caso seguiranse as recomendacións do responsable da empresa de transporte.
- En caso de ter que acceder ao local da entidade, tamén se procederá á desinfección de mans e/ou calzado. Unha vez quede libre procederáse á desinfección dos espazos utilizados.
- Tomarase a temperatura con termómetro sen contacto, se a situación nese momento o require.
- A comida e merenda que cada participante achegue para o primeiro día será para consumo persoal e non poderá ser compartida.

MEDIDAS DE SEGURIDADE XERAL DURANTE OS DÍAS DE CAMPAMENTO:

- Uso de máscara en todo momento e durante os 7 días que dura o campamento. Utilizarase unha por día como mínimo, e cambiarase a maiores sempre que sexa necesario. (Cada participante achegará un mínimo de 10 máscaras desbotables e homologadas e a entidade disporá dunha cantidade axeitada para emerxencias).
- Lavado de mans cada vez que se entre e se saia dalgún edificio das instalacións, antes e despois das comidas, antes e despois de ir ao baño, entre cada actividade, etc.
- Non tocar a nariz, a boca ou os ollos coas mans. En caso de ter que facelo, será desinfectándose previa e posteriormente.

- Tusir e esbirrar sempre na cara interior do cóbado ou nun pano desbotable.
- Separación dos participantes en grupos de ata 10 persoas como máximo. Os grupos terán un funcionamento independente durante todo o campamento: nas actividades, no comedor, no uso dos baños e nas habitacións... Sempre que sexa posible.
- Evitaremos o contacto entre as distintas persoas presentes mantendo a distancia interpersonal de a lo menos 1,5 metros sempre que sexa posible. A distancia de seguridade de 2 metros será obrigatoria entre membros de distinto grupo.
- Deberán usarse as papeleiras en todo momento evitando deixar residuos pola instalación.
- Non se deixará ningún material persoal nin da asociación apoiado en zonas comúns nin no chan.
- Cada participante achegará a súa propia cantimplora de auga, que non se poderá compartir.
- As actividades realizaranse preferentemente ao aire libre e non fomentarán o contacto físico entre os participantes. En caso de choiva e mal tempo tomaranse as medidas necesarias para a realización segura das mesmas en interior.
- A zona das habitacións e baños anexos, permanecerá pechada e desinfectada durante o día, podendo acceder os participantes so para durmir e no momento das duchas. Tamén se habilitará en caso de choiva ou mal tempo para facer actividades.

MEDIDAS DE SEGURIDADE NOS BAÑOS:

- Cada grupo disporá dun baño propio con duchas na zona de habitacións de maneira que non poderá ser compartido cos participantes dos outros grupos. O seu uso estará limitado a unha persoa por vez, salvo no momento das duchas, que o poderán usar dúas persoas ao mesmo tempo. Estes baños serán desinfectados despois de cada quenda de uso.
- Durante o resto do día usaranse soamente os baños exteriores que serán desinfectados a miúdo.
- Desinfección de mans ao entrar e ao saír do baño.
- Tirarse da cadea coa tapa baixada.
- Queda totalmente prohibido beber das billas.

MEDIDAS DE SEGURIDADE NO COMEDOR:

- Os participantes situaranse no comedor separados por grupos. Evitarase na medida do posible que se levanten da súa mesa para evitar o contacto cos membros dos outros grupos.
- Accederase ao comedor desinfectando previamente as mans, e por grupos.
- A máscara será obrigatoria salvo no momento de inxerir os alimentos.
- Os animadores servirán a comida para evitar que os participantes estean levantados.
- A recollida de cada prato a fará un so membro de cada mesa/grupo por orde.
- A saída será ordenada e con desinfección de mans.

MEDIDAS DE SEGURIDADE NA COCIÑA:

- So o equipo de animadores poderá acceder á cociña. Os participantes teñen prohibido o acceso.
- Será obrigatoria a desinfección de mans ao acceder e saír da cociña, así como no momento de manipular os alimentos.
- A manipulación dos alimentos a realizarán soamente os animadores cualificados.

MEDIDAS XERAIS PARA A LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS:

- Nas tarefas de limpeza e desinfección prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes, como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, perchas e outros elementos de similares características.
- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta.
- A ventilación das instalacións realizaranse convenientemente despois de cada uso deixando abertas portas e ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire.
- As papeleiras do lixo baleiraranse unha vez ao día.
- As instalacións limparanse e desinfectaranse diariamente.
- Os baños limparanse e desinfectaranse a miúdo durante o día.

MEDIDAS DE SEGURIDADE COS MATERIAIS DE ACTIVIDADE COMPARTIDOS:

- As actividades estarán programadas para utilizar o mínimo material posible.
- O material será desinfectado ao inicio da actividade e, se fose o caso, en cada quenda.
- Unha vez finalizada a actividade, o monitor/a designado/a procederá á súa desinfección con produtos homologados correspondentes.

OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO CAMPAMENTO:

- Non acudir ao campamento se durante os 14 días previos padeceu tose, febre, cansanzo ou falta de aire. Ademais de non haber estado en contacto con ninguén con dita sintomatoloxía.
- Incorporarse ao campamento nos prazos, horarios e condicións establecidas.
- Acudir á actividade cumprindo con todas as medidas ditadas polas autoridades sanitarias, debendo achegar máscara.
- A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da mesma.
- A manter a distancia de seguridade sempre que sexa posible cos membros do seu grupo e, de maneira obrigatoria, a gardar unha distancia mínima de 2 m. cos membros dos outros grupos.
- A levar máscara en todo momento substituíndoa como mínimo ao final do día e, se fose necesario, noutros momentos no que se observe deteriorada.
- A respectar as demais normas establecidas polos animadores/as.

E para que así conste, asino en Vigo, a 17 de Agosto de 2020



Asociación Xuvenil
CIF.: G-36.636.538
www.xentnova.org
Ana Pita Fernández
Presidenta da A.X. Xentnova